

COPIA CONTROLADA: Non Si: nº ____ Assignada a: _____ Data: _____

***NORMAS TÉCNICAS DA PRODUCCIÓN AGRARIA
ECOLÓXICA XERAIS E ESPECÍFICAS PARA CRÍA DE
ANIMAIIS***

MODIFICACIÓNS RESPETO DA EDICIÓ N ANTERIOR:

- Actualízase o punto 4.2.

Elaborado pola Dirección Técnica:

Revisado e aprobado polo Presidente:

ÍNDICE:

- 1.- OBXECTO
- 2.- ALCANCE
- 3.- REFERENCIAS
- 4.- REALIZACIÓN
 - 4.1.- Normas Técnicas xerais para a cría de animais.
 - 4.01.01 Principios xerais da gandería ecolóxica.
 - 4.01.02 Conversión do gando á agricultura ecolóxica.
 - 4.01.03 Orixe dos animais.
 - 4.01.04 Técnicas de manexo e benestar dos animais.
 - 4.01.05 Aloxamentos para o gando e carga gandeira.
 - 4.01.06 Alimentación.
 - 4.01.07 Profilaxes e coidados veterinarios.
 - 4.01.08 Muxido e conservación do leite de granxa.
 - 4.01.09 Manexo e transporte de animais vivos e aves.
 - 4.2.- Normas Técnicas específicas para cría de animais.
 - 4.02.01 Gando vacún.
 - 4.02.02 Ovellas e cabras.
 - 4.02.03 Porcos.
 - 4.02.04 Aves.
 - 4.02.05 Coellos.
 - 4.02.06 Gando equino.
 - 4.02.07 Avestruces.

1.- OBXECTO.

O Consello das Comunidades Europeas aprobou, o 28 de Xuño de 2007, o Regulamento N° 834/2007 sobre produción e etiquetaxe dos produtos ecolóxicos polo que se derroga o Regulamento (CEE) n° 2092/91. O regulamento (CEE) n° 2092/91 queda derrogado a partir do 1 de Xaneiro de 2009, e será aplicábel a partir do 1 de Xaneiro de 2009 o Regulamento (CE) N° 834/2007.

As disposicións do Regulamento 834/2007 son as normas básicas para agricultura ecolóxica consensuadas a nivel comunitario. No Considerando (40), o Regulamento 834/2007 di textualmente: “En espera da adopción de normas comunitarias detalladas de produción para determinadas especies animais e plantas acuáticas e microalgas, convén que os Estados membros poidan dispoñer a aplicación de normas nacionais ou, a falta destas, normas privadas aceptadas ou recoñecidas polos Estados membros.

A normativa europea complétase co Regulamento 889/2008 polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) 834/2008 do Consello, sobre produción e etiquetaxe dos produtos ecolóxicos, con respecto á produción ecolóxica, á súa etiquetaxe e ao seu control. Sen embargo, non se regulan todas as técnicas nin todos os produtos susceptibles de seren obtidos ou utilizados segundo o sistema de produción agroalimentario ecolóxico.

Por iso, mentres non se establezan as disposicións de aplicación relativas á produción, elaboración, comercialización, etiquetaxe ou aos controis a nivel comunitario, serán de aplicación a presente Norma Técnica ou as normas que se consensuaren a nivel estatal.

Os obxectivos destas Normas Técnicas da produción agraria ecolóxica son:

- Concretar certos aspectos normativos contemplados polo Regulamento (CE) 834/2007 e o Regulamento (CE) 889/2008, mais que non quedan claros dabondo e dan pé a interpretacións diferentes.
- Estabelecer a normativa técnica aplicábel polos operadores a certas producións e en relación a certos aspectos técnicos non contemplados polo Regulamento (CE) 834/2007.
- Axustar a normativa que define o sistema de produción agroalimentaria ecolóxica ás características e especificidades propias da Comunidade Autónoma de Galicia.

2.- ALCANCE.

A actual Norma Técnica será de obrigado cumprimento previa aprobación pola Consellaría competente en materia de agricultura e aprobación polo Pleno do C.R.A.E.G.A. para toda persoa física ou xurídica (dende agora, operador) que interveña na produción, elaboración, importación de países terceiros, almacenando ou comercializando dos produtos que deseguido se indican, sempre que estes produtos leven ou foren levar indicacións referentes ao método ecolóxico de produción, e até o momento en que estes produtos estiveren dispostos para a súa venda final ao consumidor nun envase ou recipiente que non permita a súa manipulación:

- a) Produtos agrícolas vexetais non transformados.
- b) Animais e produtos animais non transformados.
- c) Produtos vexetais de recolección silvestre.
- d) Produtos vexetais e animais transformados destinados a alimentación humana.
- e) Alimentos para animais, pensos compostos e materias primas para alimentación animal.
- f) Material de reprodución vexetativa e sementes para cultivo.

3.- REFERENCIAS.

- Procedemento Operativo de Calidade 04 “Procedemento de certificación e control”.
- Norma UNE – EN ISO/IEC 17065: “Requisitos para os organismos que certifican produtos, procesos e servizos.
- Caderno Común de Normas Técnicas da Producción Agraria Ecolóxica (Ministerio do Medio Ambiente Rural e Mariño, Intereco).

4.- REALIZACIÓN.

4.1. NORMAS TÉCNICAS XERAIS PARA CRÍA DE ANIMAIS.

4.01.01 Principios xerais da gandería ecolóxica.

Pastoreo en parcelas, pastos e terras comunais inscritas.

4.01.01.01 Para o pastoreo (alimentación a dente) dos animais criados de xeito ecolóxico, inscritos na agricultura ecolóxica pola Autoridade de Control, só se poderán utilizar:

- a) Parcelas de cultivo e de pasto inscritas nos rexistros correspondentes da Autoridade de Control ou noutro organismo de certificación de agricultura ecolóxica, parcelas en que só pasten animais criados de forma ecolóxica.
- b) Parcelas de pasto inscritas nos rexistros correspondentes da Autoridade de Control ou noutro organismo de certificación de agricultura ecolóxica, en que tamén pasten animais criados de forma non ecolóxica, sempre que estes animais utilicen estas parcelas durante un período de tempo limitado cada ano, procedan de ganderías extensivas e non pasten coincidindo con animais de cría ecolóxica.
- c) Terras comunais de pasto inscritas na Autoridade de Control ou noutro organismo de certificación de a 4.01.01.03 y 4.01.01.04 de Normas Técnicas xerais para cría de animais.

Pastos compartidos con gando criado de forma non ecolóxica.

4.01.01.02 Considérase que as terras comunais de pasto son aptas para alimentación do gando criado de forma ecolóxica se cumpren algúns dos seguintes requisitos:

- a) As terras comunais de pasto cumpren as disposicións do artigo 17, apartado 3 do Regulamento (CE) 889/2008 e non requiren un período de conversión.
- b) As terras comunais de pasto están inscritas e cualificadas en agricultura ecolóxica pola Autoridade de Control ou outro organismo de certificación da agricultura ecolóxica, despois de transcorrer o período de conversión que lles corresponder, e despois de cumprir o que dispón o Artigo 17, apartado 3 do Regulamento (CE) 889/2008.

4.01.01.03 A Autoridade de Control considerará que en terras comunais os animais criados de maneira ecolóxica foron axeitadamente separados dos de cría non ecolóxica, se foron claramente identificados durante a súa permanencia nos pastos comunais (por exemplo, no caso de gando vacún e ovino,

mediante os crotais oficiais), se foron separados por medio dunha barreira física ou se a separación se realizou no tempo de pastoreo.

4.01.02 Conversión do gando a agricultura ecolóxica.

4.01.02.01 Os animais, as parcelas e os pastos convertidos á agricultura ecolóxica non poden estar alternando entre produción ecolóxica e convencional.

Período de conversión de terras asociadas a producións animais e ecolóxicas.

4.01.02.02 Como excepción ao período de conversión aplicado ás superficies agrarias, en terras asociadas ás producións animais, o período de conversión poderase reducir a un ano para as terras de pasto, os currais ao ar libre e as zonas de exercicio que utilicen as especies non herbívoras (porcos, aves, etc.). Este período poderase reducir a seis meses se o terreo en cuestión non foi tratado nos 12 meses anteriores do inicio do período de conversión con produtos diferentes dos permitidos nos Anexos I e II do Regulamento (CE) 889/2008. Esta excepción estará supeditada á autorización previa da Autoridade de Control.

Período de conversión de animais e produtos animais.

4.01.02.03 Non se permite a venda de animais nin produtos animais utilizando a indicación “en conversión á agricultura ecolóxica”, así como tampouco facendo referencia á agricultura ecolóxica, antes de que transcorra o período de conversión indicado no artigo 38 do Regulamento (CE) 889/2008.

4.01.03 Orixe dos animais.

4.01.03.01 Cando se compren animais en explotacións non ecolóxicas, procurarase especialmente:

- a) Comprar animais sans, procedentes de explotacións nas que se formalizaran, axeitadamente, os rexistros dos tratamentos veterinarios, así como os outros rexistros requiridos pola lexislación vixente.
- b) Que os animais proveñan, preferentemente, de explotacións onde se observen unhas medidas de benestar animal equivalentes ás indicadas na presente Norma Técnica e no Regulamento (CE) 834/2007.
- c) Que os animais sexan transportados de acordo coas disposicións das normas 4.01.09.01 a 4.01.09.07 da Norma Técnica xerais para cría de animais.
- d) No momento da súa chegada, comprobar, de xeito adecuado, que os animais non estean enfermos ou lesionados e, no caso de o estaren, tomar as medidas axeitadas.

4.01.04 Técnicas de manexo e benestar dos animais.

Benestar animal.

4.01.04.01 Ademais da aplicación e cumprimento de todas as normas vixentes xerais en materia de benestar animal, as técnicas de manexo ecolóxico de gando rexen no que atinxe ás necesidades fisiolóxicas e etiolóxicas básicas dos animais domésticos en cuestión, co obxectivo xeral de lles evitarmos aos animais toda dor ou padecemento innecesario, tanto na explotación como durante o transporte e o sacrificio, en particular:

- a) É preciso permitir que os animais satisfagan as súas necesidades básicas de comportamento.
- b) Todas as técnicas de manexo, especialmente en canto aos niveis de produción e á velocidade de crecemento, teñen que estar orientadas en lograr a boa saúde e benestar dos animais.

Reprodución.

4.01.04.02 Permítese a inseminación artificial sen a utilización de hormonas.

Técnicas de identificación dos animais.

4.01.04.03 Sen prexuízo da aplicación e cumprimento de todas as normas vixentes en materia de identificación dos animais, a identificación dos animais nas granxas ecolóxicas poderase realizar mediante a fixación de etiquetas (crotais, etc.), a tatuaxe, e a identificación electrónica (microchip).

4.01.05 Aloxamentos para o gando e a carga gandeira.

Aloxamentos do gando.

4.01.05.01 Agás en sistemas de aloxamento baseados na acumulación de esterco, os estercos, os ouriños e os alimentos derramados ou non consumidos terán que se retirar coa frecuencia necesaria para reducirmos ao máximo os olores e non atraer aos insectos ou aos roedores.

Condicións específicas para aloxamentos abertos ao exterior.

4.01.05.02 En climas suaves, certos aloxamentos para o gando constrúense en forma de cubertas cunha das súas fachadas, como mínimo, totalmente aberta cara ao exterior. Estes aloxamentos abertos, sempre que a orientación for favorábel para o resguardo dos ventos dominantes, son preferíbeis en agricultura ecolóxica aos aloxamentos pechados para a cría ou o engorde do gando.

Nestas instalacións abertas, ao non haber unha parede que separe a “zona cuberta” da “zona ao ar libre”, e para o cálculo do espazo mínimo dispoñíbel por animal, considerarase a suma das superficies de “zona cuberta” e de “zona ao ar libre” para as diferentes especies e tipos de produción. Por exemplo, para

becerro ou xatos de engorde de até 350 quilogramo de peso vivo, a superficie mínima dispoñíbel por animal será de 7 m² (4 m² de zona cuberta + 3 m² de zona ao ar libre).

4.01.06 Alimentación.

Racionamento do gando.

4.01.06.01 En explotacións de gandería ecolóxica, a aplicación das normas da agricultura ecolóxica para a alimentación do gando debería facer innecesario suplementar a ración unha vez consolidado o sistema ecolóxico de produción. A utilización de suplementos minerais ou vitamínicos non se debe facer de forma rutineira, senón só cando haxa unha carencia nos alimentos que forman a ración, ou cando exista evidencia veterinaria de determinada deficiencia no gando (por exemplo, mediante análise do sangue).

4.01.07 Profilaxes e coidados veterinarios.

Normas xerais sobre os tratamentos veterinarios.

4.01.07.01 Queda prohibida a utilización de medicamentos veterinarios alopáticos de síntese química ou antibióticos como tratamento preventivo ou sistemático.

4.01.08 Muxido e conservación do leite na granxa.

4.01.08.01 O muxido realizarase dacordo coas condicións seguintes:

- a) Para non perturbar aos animais, o muxido realizarase regularmente.
- b) Antes do muxido procurárase unha grande precaución hixiénica do bragueiro (lavado, secado, eliminación dos primeiros chorros, etc.) e das condicións do entorno (camas e solos limpos, ventilación e iluminación axeitadas, etc.).
- c) Despois do muxido, para o baño de mamilas ou tetos, utilizaranse, preferentemente, substancias simples e naturais.
- d) O material de muxido deberá ser mantido en perfecto estado de funcionamento, limpo e coas revisións técnicas adecuadas.

4.01.08.02 O leite conservarase en tanques refrixerados a unha temperatura superior a 0°C e inferior ou igual a +4°C, durante un máximo de 48 horas despois do primeiro muxido.

4.01.08.03 A limpeza e a desinfección do material e dos locais realizarase empezando por un lavado con auga, seguido do emprego dos produtos desinfectantes escollidos e permitidos, e rematando cun aclarado obrigatorio e eficaz. O tratamento realizarase de tal maneira que coas augas residuais non se produza unha contaminación do medio.

4.01.09 Manexo e transporte de animais vivos e aves.

Transporte de animais.

4.01.09.01 Os principios de benestar animal indicados para cría ecolóxica tamén se teñen que aplicar durante o seu manexo e transporte. O manexo e o transporte coidadoso dos animais en tránsito reducirán o risco de fatiga ou cansazo, padecemento, lesión e, no sacrificio, os cambios fisiolóxicos na carne inducidos polo estrés.

4.01.09.02 Durante a carga, o tránsito e a descarga, os animais teñen que ser manexados en condicións que minimicen o estrés e evitarmos así posíbeis lesións. Para iso, é preciso unha especial atención para:

- a) Asegurar que as operacións son levadas a cabo polo persoal especializado e de maneira relaxada.
- b) Evitar a mistura de animais de grupos sociais diferentes.
- c) Evitar o uso innecesario da forza cos animais.
- d) Asegurar que os puntos de carga e descarga teñan instalacións de manexo do gando correctamente deseñadas e en bo estado.
- e) Asegurar que os vehículos son ventilados axeitadamente durante a viaxe.
- f) Evitar una conducción temeraria que poida causar danos ou lesións os animais.
- g) Asegurar que cada viaxe non sobrepase as 8 horas dende o seu inicio até o final (incluído o tempo de carga e descarga).

4.01.09.03 O produtor, o transportista e o destinatario débense pór de acordo sobre a hora de recollida e de chegada para reduciren ao mínimo o tempo de transporte.

4.01.09.04 Os vehículos utilizados para o transporte de animais teñen que ser apropiados para este propósito, estaren equipados de xeito adecuado e seren mantidos nun correcto estado de limpeza e desinfección. Corresponde ao operador verificar que os vehículos que transportarán ao seu gando cumpran os requisitos sinalados.

4.01.09.05 Se for presumíbel que os animais teñan que ser alimentados durante o tránsito ou durante o período de espera no matadoiro, o operador ten que lles facilitar a cantidade necesaria de alimentos ecolóxicos.

4.01.09.06 Os animais teñen que se transportar acompañados do correspondente documento de circulación da Autoridade de Control.

Espera no matadoiro.

4.01.09.07 Para poder facer uso da denominación ecolóxica na carne dos animais, estes teñen que ser sacrificados en matadoiros inscritos no Rexistro de operadores da Autoridade de Control, ou sometidos ao control de calquera outra autoridade ou organismo de controis autorizados en produción ecolóxica.

4.01.09.08 Xa no matadoiro, ademais do cumprimento da normativa xeral de benestar, os animais teñen que dispor dunhas condicións de comodidade que reduzan o estrés e lles permitan recuperarse. En especial:

- a) Todos os animais teñen que ter acceso a auga potábel.
- b) Se estiver previsto que a espera sexa maior de 6 horas, os animais deberán dispor dende o principio de cama e de espazo abondo para xacer.
- c) Se estiver previsto que a espera sexa maior de 12 horas, tamén terán que dispor de alimentos ecolóxicos (aparte do nomeado anteriormente).

4.2 NORMAS ESPECÍFICAS PARA A CRÍA DE ANIMAIS.

4.02.01 Gando vacún.

4.02.01.01 Ademais das normas para cría de animais establecidas no Regulamento (CE) 834/2007, no Regulamento 889/2008 e nas Normas Técnicas xerais para cría de animais, ao gando vacún tamén lle serán aplicábeis as disposicións do presente apartado 4.02.01.

Manexo, lactación e cría dos becerros ou xatos.

4.02.01.02 Se a fase final do engorde dos tenreiros se realizar no interior, terán que ter acceso a palla de boa calidade, feo (herba segada e seca) ou ensilado e auga potábel.

4.02.01.03 Os xatos alimentaranse preferentemente con leite materno por amamentamento. Poderase complementar o leite materno con leite de orixe ecolóxica segundo a seguinte proporción na ración diaria:

- 51% como mínimo de leite gordo cru de orixe ecolóxica, complementado con leite gordo en po, leite desgordurizado en po ou equivalente de leite, todos de orixe ecolóxica.

4.02.01.04 Previa xustificación documental e autorización pola Autoridade de Controis, permítese:

- 1) Aloxamento de becerros en habitáculos individuais até os 7 días de vida. Os habitáculos teñen que estar construídos de tal xeito que cada xato poida ver e ouvir aos outros vitelos, levantarse, sentarse, deitarse e xirarse ao seu redor sen dificultade.
- 2) Cría con leite cru ecolóxico dado mediante cubos ou tetos.
- 3) No caso de morte da nai, até que poida cumprirse o que dispón a norma 4.02.01.03, subministraremos leite non ecolóxico ou leites artificiais que estean libres de antibióticos e aditivos.

Benestar e aloxamento do gando vacún.

4.02.01.05 O gando agresivo e con cornos debe ser aloxado separadamente. De se aloxaren xuntos varios animais con cornos, ten que se lles proporcionar espazo abondo adicional para xaceren e alimentárense.

4.02.01.06 Os sistemas de cría ecolóxica de bovinos terán que permitir que os animais teñan acceso a pasteiros ou cultivos de forraxes, agás cando o mal tempo ou as malas condicións do terreo ou o estado da vexetación llo impediren.

Sanidade do gando vacún.

4.02.01.07 Poderanse empregar vacinas, tratamentos antiparasitarios e programas de erradicación sinalados como obrigatorios pola Autoridade Competente.

4.02.01.08 Poderán empregar tratamentos con medicamentos veterinarios alopáticos de síntese química e antibióticos para restaurar a saúde do animal, baixo a responsabilidade dun veterinario.

Descualificación por brucelose ou tuberculose.

4.02.01.09 Nas probas de Saneamento Oficial, os animais en que saia positiva a proba de brucelose ou tuberculose restarán descualificados e terán que ser sacrificados dacordo coa normativa xeral vixente.

Identificación do gando vacún.

4.02.01.10 Para identificación dos animais da especie bovina aplicarase a normativa oficial vixente.

4.02.02 Ovellas e cabras.

4.02.02.01 Ademais das normas para cría de animais establecidas polo Regulamento (CE) 834/2007, polo Regulamento (CE) 889/2008 e polas Normas Técnicas xerais para cría de animais, ás ovellas e cabras tamén lles serán aplicábeis as disposicións do presente apartado 4.02.02.

Benestar e aloxamento de ovellas e cabras.

4.02.02.02 Os sistemas de cría ecolóxica de ovinos e caprinos terán que permitir que os animais teñan acceso a pasteiros ou cultivos de forraxes, agás cando o mal tempo ou as malas condicións do terreo ou o estado da vexetación llo impediren.

4.02.02.03 Nas seguintes condicións permitirase aloxamento no interior:

a) Ovellas e cabras preñadas uns días antes do parto.

NORMAS TÉCNICAS

NORMAS TÉCNICAS DA PRODUCCIÓN AGRARIA ECOLÓXICA XERAIS E ESPECÍFICAS PARA A CRÍA DE ANIMAIS.



b) Cordeiros e cabritos acabadiños de nacer, nos primeiros días de vida.

Alimentación de ovelas e cabras.

4.02.02.04 Para alimentación de ovelas e cabras poderase empregar:

- 1) Calostro de ovella ou cabra para cordeiros ou cabritos orfos.
- 2) Leite de orixe ecolóxica para complementar o leite materno, segundo a seguinte proporción na ración diaria:
 - 51% como mínimo de leite gordo cru de orixe ecolóxica, complementado con leite gordo en po, leite desgordurizado en po ou substitutos do leite, todos de orixe ecolóxica.

4.02.02.05 Previa xustificación documental e autorización pola Autoridade de Control, permítese:

- 1) Substituto do leite libre de antibióticos e só para orfos.

Sanidade de ovelas e cabras.

4.02.02.06 Poderanse empregar vacinas, tratamentos antiparasitarios e programas de erradicación sinalados como obrigatorios pola Autoridade Competente.

4.02.02.07 Poderán empregar tratamentos con medicamentos veterinarios alopáticos de síntese química e antibióticos para restaurar a saúde do animal, baixo a responsabilidade dun veterinario

Descualificación por brucelose ou tuberculose.

4.02.02.08 Nas probas de Saneamento Oficial, os animais que dean positivo na proba de brucelose ou tuberculose estarán descualificados e terán que ser sacrificados de acordo coa normativa xeral vixente.

Identificación de ovelas e cabras.

4.02.02.09 Para identificación das ovelas e cabras aplicarase a normativa oficial vixente. Xunto o sistema oficial de identificación, poderanse marcar ás ovelas e ás cabras mediante procedementos tradicionais respectuosos co benestar animal.

4.02.03 Porcos.

4.02.03.01 Ademais das normas para cría de animais do Regulamento (CE) 834/2007 e das Normas Técnicas xerais para cría de animais, aos porcos tamén lles serán aplicábeis as disposicións do presente apartado 4.02.03.

Orixe dos porcos.

4.02.03.02 As razas e estirpes escollidas teñen que ser de constitución e aptitudes axeitadas para prosperaren en condicións de cría ecolóxica ao ar libre.

Benestar paras porcas xestantes e de cría.

4.02.03.03 Os sistemas de cría ecolóxica de porcas xestantes e de cría terán que permitir que os animais teñan acceso a pasteiros ou cultivos de forraxes ou a zonas ao ar libre, agás cando o mal tempo ou as malas condicións do terreo ou o estado da vexetación llo impidiren.

4.02.03.04 Os aloxamentos para as porcas de cría teñen que proporcionar:

- a) Locais con abundante cama seca, ventilación natural e luz solar.
- b) Suficiente espazo nos comedeiros para que se poidan alimentar todas as porcas, no caso de a alimentación non ser “a discreción”.

4.02.03.05 É preciso evitar a intimidación nos grupos mixtos de porcas xestantes e porcas nulíparas, particularmente durante a alimentación. É preferíbel a alimentación individual e simultánea, e pódense utilizar métodos de separación nos comedeiros. Se non dispoñermos de habitáculos para alimentación individual, os grupos de porcas non superarán os 10 animais.

4.02.03.06 Previa xustificación documental e autorización pola Autoridade de Control, nos aloxamentos para as porcas reprodutoras aceptaranse superficies inferiores a 3 m²/porca de zona cuberta (superficie dispoñíbel por animal) e 3 m²/porca de zona ao ar libre (superficie de exercicio sen incluír pastos), até chegar ás superficies mínimas indicadas no Anexo III do Regulamento (CE) 889/2008, sempre que se cumpran os requisitos seguintes:

- a) Pode constatarase un bo nivel de saúde e benestar entre as porcas.
- b) O plan de conversión presentado coa solicitude de inscrición que inclúe estas densidades será aprobado previamente pola Autoridade de Control.

Manexo das crías e lactación dos leitóns.

4.02.03.07 A alimentación dos leitóns terase que basear no leite materno durante un período mínimo de 40 días.

4.02.03.08 Poderase aplicar calor artificial nunha zona do niño.

NORMAS TÉCNICAS

NORMAS TÉCNICAS DA PRODUCCIÓN AGRARIA ECOLÓXICA XERAIS E ESPECÍFICAS PARA A CRÍA DE ANIMAIS.



4.02.03.09 Poderanse empregar cubículos de parto individualizados durante os primeiros 7 días de lactación.

4.02.03.10 Previa xustificación documental e autorización pola Autoridade de Control, permítense:

1) Substituto do leite de porca, libre de antibióticos, só para orfos.

Benestar dos porcos de engorde.

4.02.03.11 Os aloxamentos para porcos de engorde teñen que proporcionar:

a) Locais con abundosa cama seca, ventilación natural e luz solar.

4.02.03.12 Poderanse clasificar os porcos por sexo e tamaño durante a desteta.

Sanidade dos porcos.

4.02.03.13 Poderanse empregar vacinas, tratamentos antiparasitarios e programas de erradicación sinalados como obrigatorios pola Autoridade Competente.

4.02.03.14 Poderán empregar tratamentos con medicamentos veterinarios alopáticos de síntese química e antibióticos para restaurar a saúde do animal, baixo a responsabilidade dun veterinario.

4.02.03.15 Poderanse empregar cristais de sulfato de ferro contra a anemia.

4.02.03.16 Previa xustificación documental e autorización pola Autoridade de Control, permítense:

Inxeccións de ferro contra a anemia en caso de solos deficientes en ferro ou anemia crónica en sistemas de cría ao ar libre, baixo prescrición veterinaria.

Identificación do gando porcino.

4.02.03.17 Para a identificación dos porcos, aplicarase a normativa oficial vixente.

4.02.04 Aves.

4.02.04.01 Ademais das normas para cría de animais do Regulamento (CE) 834/2007, do Regulamento 889/2008 e das Normas Técnicas xerais para cría de animais, ás aves tamén lle serán aplicábeis as disposicións do presente apartado 4.02.04.

4.02.04.02 Na unidade non se poden criar aves en produción ecolóxica e non ecolóxica da mesma especie (por exemplo, galiñas poñedoras ecolóxicas e polos de carne non ecolóxicos).

4.02.04.03 A cría ecolóxica doutras especies de aves non detalladas neste apartado farase de acordo cos principios do mesmo e, cando for necesario, realizaranse adaptacións aos requisitos específicos destas especies.

Orixe das aves.

4.02.04.04 As razas e estirpes escollidas teñen que ser de constitución e aptitude axeitadas para prosperaren en condicións de cría ecolóxica ao ar libre. Para produción de carne recoméndase o uso de estirpes de crecemento lento.

Benestar e aloxamento das aves.

4.02.04.05 O manexo da zona ao ar libre será tal que permita a rotación das aves e que a terra de cada parque se rexenere, para evitar as parasitoses e permitir que as aves poidan dispor de vexetación fresca. A superficie mínima da zona ao ar libre dispoñíbel por cabeza que prevé o anexo III do Regulamento (CE) 889/2008, 4 m² por cabeza, calcularase sumando a superficie dispoñíbel en cada un dos parques en rotación (por exemplo, para unha rotación con dous parques, un total de 4 m² de zona ao ar libre para cada galiña poñedora entre os dous parques).

4.02.04.06 As galiñas e outras aves poñedoras deberán ter garantido o acceso a espazos ao ar libre durante toda a súa vida produtiva.

4.02.04.07 As áreas de cría ao ar libre deben ter unha cobertura aérea axeitada, xa for natural (árbores, arbustos, etc.) ou artificial (mallas, remolques, pendellos, etc.) para lle proporcionar ás aves condicións similares ás do seu hábitat, protección ante as rapaces e amparo ante as condicións climáticas extremas.

4.02.04.08 A cama dos galiñeiros ten que se repoñer a diario e manterse nun estado seco e disgregado apropiado para as aves poderen fozar e petear.

4.02.04.09 A cama elaborase cos seguintes materiais: restos de madeira non tratada, palla non tratada de explotacións non ecolóxicas (preferibelmente picada), cascarilla, etc.

4.02.04.10 A Autoridade de Control só autorizará plans de cría baseados en densidades elevadas de aves preto das densidades máximas establecidas nos apartados 1 a 4 do artigo 12 do Regulamento (CE) 889/2008, se a práctica posterior demostra que con estas densidades:

- a) Se pode constatar un bo nivel de saúde e benestar das aves, con ausencia de problemas apreciábeis de picar (canibalismo).
 - b) As condicións ambientais, tanto dentro do galiñeiro como nos currais ao ar libre, son apropiadas.
- Se o cumprimento estrito dos puntos a) e b) anteriores non for posíbel, ou non se puideren manter por longo prazo de tempo, a Autoridade de Control poderá requirirille ao operador que diminúa a densidade de aves para manter a certificación.

Sanidade das aves.

4.02.04.11 Poderanse empregar vacinas, tratamentos antiparasitarios e programas de erradicación sinalados como obrigatorios pola Autoridade Competente.

4.02.04.12 Como medida preventiva da coccidiose, poderase acidificar o medio intestinal das galiñas poñedoras cos seguintes produtos:

- a) Ácido láctico (leite desgordurizado fermentado, soro de leite, etc.).
- b) Ácido acético (vinagre de mazá).

4.02.04.13 Poderán empregar tratamentos con medicamentos veterinarios alopáticos de síntese química e antibióticos para restaurar a saúde do animal, baixo a responsabilidade dun veterinario.

4.02.04.14 Previa xustificación documental e autorización pola Autoridade de Control, permítese:

1) Despuntado do pico por cuestións de benestar (evitar mancaduras e feridas), de acordo coas especificacións da normativa de benestar animal.

4.02.04.15 Durante a súa permanencia na explotación, as aves identificaranse por lotes.

4.02.05 Coellos .

4.02.05.01 Ademais das normas para cría de animais, das Normas Técnicas xerais para cría de animais aos coellos tamén lles serán aplicábeis as disposicións do presente apartado 4.02.05.

Orixe dos coellos.

4.02.05.02 Os coellos destinados á produción de carne teñen que ser criados segundo as normas do presente apartado 4.02.05 dende o seu nacemento.

4.02.05.03 Utilizaranse, preferentemente, liñas de coellos adaptadas ao manexo ecolóxico e ao clima da comarca.

4.02.05.04 Poderanse empregar razas autóctonas e híbridos comerciais.

4.02.05.05 Previa xustificación documental e autorización pola Autoridade de Control, permítese:

1) Cando non se dispoña en cantidade suficiente de reprodutores criados segundo as normas de produción ecolóxico, poderanse introducir animais criados en explotacións convencionais, sempre que tiveren menos de 3 meses de idade e baixo autorización previa da Autoridade de Control, nos casos seguintes:

- a) Constituír por primeira vez un lote de cría ecolóxica na explotación ou na unidade de produción.
- b) Para renovar o lote de cría, poderase introducir por ano até un máximo do 20% dos reprodutores.
- c) Para renovación ou reconstitución dos reprodutores, cando se produza unha elevada mortalidade causada por enfermidade ou catástrofe.

2) Se por algunha circunstancia nos fixer falla introducirmos na explotación reprodutores con máis de 3 meses de idade que non procedan de explotacións de cría ecolóxica, deberá comunicarse á Autoridade de Control para obtermos a correspondente autorización. Neste caso será necesario que un técnico competente xustifique esta circunstancia, así coma o motivo que a causou.

Conversión dos coellos.

4.02.05.06 Non se poderán someter a conversión os animais destinados á produción de carne presentes na explotación antes do inicio da certificación da produción pola Autoridade de Control.

4.02.05.07 Toda introdución no sistema de cría ecolóxica de animais reprodutores provinte de explotacións non ecolóxicas de acordo coa norma 4.02.05.05 comporta un período de conversión mínimo de 3 meses, durante o cal se terán que cumprir as normas do presente apartado 4.02.05. As crías nadas unha vez transcorrido este período de conversión poderán ser comercializadas como animais de produción ecolóxica.

Manexo dos coellos.

4.02.05.08 A fase de reprodución comezará a partir dos 4 meses de idade. Recoméndase un mes máis para os machos.

4.06.05.09 A cubrición realizarase nas instalacións destinadas ao macho, para evitar pelexas, e farase a partir dos 30 días do parto, para evitar un ciclo produtivo intensivo.

4.02.05.10 O destete realizarase a partir dos 30 días do nacemento, para as crías teren un período de lactación natural.

4.06.05.11 O niño para o parto terá que estar a disposición da femia alomenos 7 días antes do parto.

4.02.05.12 Está autorizada a utilización de luz artificial para os animais reprodutores, como complemento da natural, até un total de 16 horas, sempre que tiveren un período central de descanso sen luz.

4.02.05.13 Será obrigatorio manter un número de animais de reposición.

Aloxamentos dos coellos.

4.02.05.14 Os coellos deberán ser criados en condicións de liberdade sobre o solo e non se poderán manter fechados en cubículos. Poderanse formar lotes homoxéneos de animais separados por muros de obra ou por pranchas móbiles.

4.02.05.15 O solo será liso pero non esvaradizo e polo menos a metade da superficie do cubículo será firme, é dicir, construído con materiais sólidos, que non sexan listóns ou grellas, tanto no caso dos reprodutores, como na reposición e no engorde.

4.02.05.16 É obrigado o uso de cama en todos os cubículos onde houber animais, constituída por palla ou outros materiais naturais axeitados e non tratados quimicamente. Esta cama deberá manterse limpa e seca, renovándoa cando for necesario, e poderase sanear e mellorar con calquera dos produtos minerais autorizados para o abonado no Anexo I do Regulamento (CE) 889/2008.

4.02.05.17 Para a limpeza e desinfección dos locais e instalacións de cría de coellos só se poderán usar os produtos autorizados no Anexo VII do Regulamento (CE) 889/2008.

4.02.05.18 Os animais deberán ter acceso ao ar e ao sol nunha área que poderá ser cuberta, mais non pechada. No caso de ser cuberta, deberá estar orientada convenientemente de xeito que os animais recibiren o máximo de luz.

4.02.05.19 As superficies mínimas dos aloxamentos para coellos serán as seguintes:

- a) Para as femias e os machos reprodutores e de reposición: 1 m² para cada animal.
- b) Para cada cría, dende o destete ao sacrificio: 0,10 m² (equivalentes a 10 crías por m²).

Alimentación dos coellos.

4.02.05.20 A alimentación dos coellos tense que asegurar mediante alimentos de produción ecolóxica.

4.02.05.21 Autorizarase a inclusión, até unha porcentaxe máxima do 30% da fórmula alimenticia como media, de alimentos en conversión. Cando estes alimentos en conversión procederen dunha unidade da mesma explotación, a porcentaxe poderase elevar até o 60%. Estas cifras expresaranse en porcentaxe de materia seca dos alimentos de orixe agrícola.

4.02.05.22 Debido ao carácter herbívoro do coello, un mínimo do 30% (referido a materia seca) da ración deberá estar formada, obrigatoriamente, por forraxes verdes ou secas. Esta alimentación terá que se dar en anciño (angazo) ou forraxeiras; o resto da alimentación darase moído moi groseiramente ou granulado en tolvas apropiadas.

4.02.05.23 Os coellos terán que ter permanentemente á súa disposición auga para beber, en bebedoiros apropiados.

Sanidade dos coellos.

NORMAS TÉCNICAS

NORMAS TÉCNICAS DA PRODUCCIÓN AGRARIA ECOLÓXICA XERAIS E ESPECÍFICAS PARA A CRÍA DE ANIMAIS.



4.02.05.24 A sanidade basearase en métodos preventivos, e realizarase o programa sanitario básico recollido na normativa sectorial de aplicación.

4.02.05.25 Autorízase a vacinación dos animais da explotación.

4.02.05.26 Agás as vacinas indicadas na norma 02.05.25 anterior, e se a pesar das medidas preventivas os animais reprodutores enfermaren, poderán recibir até un máximo de dous tratamentos con medicamentos veterinarios alopáticos de síntese química ou antibióticos, nun ano, incluídos os tratamentos antiparasitarios. Se recibiren máis tratamentos, as súas crías lactantes non se poderán vender como procedentes de produción ecolóxica, e deberán pasar, tanto as crías como os reprodutores, un período de conversión de 3 meses para que poidan comercializarse coas indicacións referentes ao método de produción ecolóxico. Todos os tratamentos serán a título individual.

4.02.05.27 Os coellos poderán recibir como máximo dous tratamentos antiparasitarios; se recibiren máis de dous, deberán pasar o período de conversión indicado no punto anterior.

4.02.05. O tempo de espera entre a última administración do medicamento veterinario alopático ao animal, nas condicións normais de uso, e a obtención de produtos alimenticios ecolóxicos que procedan deste animal, terán que ser, alomenos, de 30 días antes do sacrificio.

4.02.05.29 Realizarase un baleirado sanitario de 15 días despois da saída de cada lote de cría.

4.02.05.30 Como acidificante do medio intestinal, para previr problemas de índole gástrica e intestinal, autorízase a utilización de:

- a) Ácido láctico (leite fermentado).
- b) Ácido acético (vinagre).

Transporte e sacrificio dos coellos.

4.02.05.31 O transporte e sacrificio dos coellos terase que realizar de maneira que se reduza ao mínimo o estrés e o padecemento aos que se ven sometidos.

Identificación dos coellos .

4.02.05.32 A identificación dos coellos axustarase ás especificacións da normativa sectorial de aplicación.

4.02.06 Gando equino.

NORMAS TÉCNICAS

NORMAS TÉCNICAS DA PRODUCCIÓN AGRARIA ECOLÓXICA XERAIS E ESPECÍFICAS PARA A CRÍA DE ANIMAIS.



4.02.06.01 Ademais das normas para cría de animais do Regulamento (CE) 834/2007, do regulamento 889/2008, e das Normas Técnicas xerais para a cría de animais, ao gando equino tamén lle serán aplicábeis as disposicións do presente apartado 4.02.06.

Orixe do gando equino.

4.02.06.02 A posibilidade de introducir poldros de cría non ecolóxica regulada nos apartados 1 a 4 do Artigo 9 do Regulamento (CE) 834/2007, só se poderá realizar con poldros que non recibiron produtos substitutivos do leite natural.

Manexo, lactación e cría dos poldros.

4.02.06.03 Se a fase final do engorde dos poldros se realizar no interior, teñen que ter acceso a palla de boa calidade, feo (herba segada e seca) ou ensilado e auga potábel.

4.02.01.04 Poderase complementar o leite materno con leite de orixe ecolóxica segundo a seguinte proporción na ración diaria: 51% como mínimo de leite gordo cru de orixe ecolóxica, complementado con leite gordo en po, leite desgraxado (desgordurizado) en po ou substitutos do leite, todos de orixe ecolóxica.

4.02.06.05 Só cando resulte imposible cumprir a norma 02.06.04, previa xustificación documental e autorización pola Autoridade de Control, poderase utilizar leite non ecolóxico ou leites artificiais que estean libres de antibióticos e aditivos. Estes casos teñen que quedar anotados no caderno da explotación.

Benestar e aloxamento do gando equino.

4.02.06.06 Os sistemas de cría ecolóxica de equinos terán que permitir que os animais teñan acceso a pastos ou cultivos de forraxes, excepto cando o mal tempo, as malas condicións do terreo ou o estado da vexetación llo impidiren.

Sanidade do gando equino.

4.02.06.07 Poderanse utilizar vacinas, tratamentos antiparasitarios e programas de erradicación sinalados como obrigatorios pola Autoridade Competente.

4.02.06.08 Poderanse utilizar tratamentos con medicamentos veterinarios alopáticos de síntese química e antibióticos para restaurar a saúde do animal, baixo a responsabilidade dun veterinario.

Identificación do gando equino.

4.02.06.09 Para a identificación dos animais da especie equina, aplicarase a normativa oficial vixente.

Xunto o sistema oficial de identificación, poderase marcar ao gando equino mediante procedementos tradicionais respectuosos co benestar animal.

4.02.07 Avestruces.

4.02.07.01 Ademais das normas para cría de animais do Regulamento (CE). 834/2007, do Regulamento 889/2008 e das Normas Técnicas xenerais para a cría de animais, ás avestruces tamén lles serán aplicábeis as disposicións do presente apartado 4.02.07.

4.02.07.02 Na unidade non se poden criar avestruces en produción ecolóxica e non ecolóxica (por exemplo, avestruces para produción de ovos e avestruces de carne).

Orixe e conversión das avestruces.

4.02.07.03 Para os produtos das avestruces seren vendidos coa denominación ecolóxica, os animais deberán ter sido criados de acordo coas Norma Técnica presente, durante un período de alomenos:

- 1) 52 semanas no caso de avestruces destinadas a produción de carne, introducidas antes das 3 semanas de vida.
- 2) 52 semanas no caso de avestruces destinadas a produción de ovos.

4.02.07.04 Cando se constituía por primeira vez un rabaño ou manada, e non se dispoña da cantidade suficiente de animais producidos dacordo co modo de produción ecolóxico, poderán introducirse en unidades de produción ecolóxica animais criados de xeito non ecolóxico, nas condicións seguintes:

- 1) Avestruces destinadas á produción de carne, introducidas antes das 3 semanas de vida.
- 2) Avestruces destinadas á produción de ovos, introducidas antes dos 12 meses de vida.

4.02.07.05 Poderán introducirse por ano até un máximo dun 20% de avestruces que non teñan máis dun ano de idade, procedentes de explotacións non ecolóxicas para completaren o seu crecemento natural e renovaren o rabaño ou manada, sempre que non se dispoña de animais criados de acordo co método ecolóxico e unicamente coa Autorización da autoridade ou organismo de control.

4.02.07.06 As porcentaxes establecidas na anterior excepción non se aplicarán ás unidades de produción nas que houber menos de 10 avestruces adultas. Para estas unidades, as renovacións contempladas no parágrafo anterior limitaranse a un máximo dun animal por ano.

Benestar e aloxamento das avestruces.

4.02.07.07. As superficies mínimas para a estabulación e as zonas de exercicio son:

IDADE	ZONA CUBERTA (m ²)	CORRAL E ZONA EXERCICIO (m ²)	CONDICIÓNS CORRAL E ZONA EXERCICIO.
0-3 semanas	1,2 m ² por animal (local)	10 m ² por animal	Un lado mínimo de 6 metros.

NORMAS TÉCNICAS

NORMAS TÉCNICAS DA PRODUCCIÓN AGRARIA ECOLÓXICA XERAIS E ESPECÍFICAS PARA A CRÍA DE ANIMAIS.



	mínimo de 5 m ²)		
3-12 semanas	5 m ² por animal	30 m ² por animal	Un lado mínimo de 10 metros.
3-6 meses	10 m ² por animal	183 m ² por animal	O lado menor mínimo de 10 metros e o lateral mínimo de 50 metros.
6-12 meses	10 m ² por animal	366 m ² por animal	O lado menor mínimo de 10 metros y el lateral mínimo de 50 metros.
12 meses adulto	10 m ² por animal	9 avestruces por as.	O lado menor mínimo de 10 metros e o lateral mínimo de 100 metros.
Adultos	10 m ² por animal	6 avestruces por as.	O lado menor mínimo de 10 metros e o lateral mínimo de 100 metros.

4.02.07.08 A carga gandeira máxima autorizada para non sobrepasar o límite de 170 quilogramos de N por hectárea de superficie agrícola utilizada e ano será a seguinte:

- 1) Avestruces adultas: 6 animais / ha.
- 2) Avestruces de 12 meses a 2 anos: 9 animais / ha.
- 3) Avestruces de cebo (de 6 a 12 meses): 27 animais / ha.
- 4) Avestruces de 3 a 6 meses: 55 animais / ha.

4.02.07.09 A idade no momento do sacrificio será como mínimo de 52 semanas.

4.02.07.10 Para reducirmos o estrés durante o transporte cara o matadoiro, cada animal deberá viaxar nun compartimento individual de tamaño axeitado coa finalidade de evitarmos a caída do animal polo movemento do vehículo.

Alimentación das avestruces.

4.02.07.11 Deberá cumprirse o punto 02.04.14 referente á alimentación de aves.

Sanidade das avestruces.

4.02.07.12 Deberán cumprirse os puntos 02.04.15 até o 02.04.17, referentes á sanidade das aves.

Identificación das avestruces.

4.02.07.13 Durante a súa permanencia na explotación, as avestruces identificaranse de xeito individual.